

## **7. Criterios de promoción e titulación do alumnado no Bacharelato**

### **7.1. Promoción**

O alumnado poderá permanecer cursando Bacharelato no réxime ordinario, con carácter xeral, un máximo de catro anos, consecutivos ou non. Ao finalizar o primeiro curso e como consecuencia do proceso de avaliación, o profesorado de cada alumno/a adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.

O alumnado promocionará ao segundo curso cando supere todas as materias cursadas ou teña avaliación negativa en dúas materias como máximo. Para os efectos deste punto, só se computarán as materias que como mínimo o alumnado debe cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua galega e Literatura, con independencia de que o alumnado poida cursar máis materias do devandito bloque.

O alumnado que promocioe a segundo curso con materias avaliadas negativamente deberá matricularse das mesmas e cursalas no curso seguinte. Os departamentos organizarán as actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Os alumnos e as alumnas que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas, ou optar por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivera superado previamente.

### **7.2. Titulación**

O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes.

Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha e sempre que se cumpran simultaneamente os seguintes catro criterios:

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.

b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia. Considérase inasistencia continuada cando un alumno ou alumna falta a clase un 20% do horario lectivo mensual dunha materia e esa inasistencia non está xustificada. As faltas de asistencia non debidamente xustificadas serán as que computen para a cualificación dunha inasistencia.

c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria. Os departamentos establecerán nas súas programacións didácticas as actividades que o alumnado deberá realizar para poder ser avaliado.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

### **7.3. Matrícula de honra**

Serán candidatos/as a matrícula de honra aqueles alumnos/as que obtivesen no segundo curso de bacharelato unha nota media igual ou superior a nove puntos, unha vez rematado o prazo de reclamacións sobre a cualificación da avaliación final ordinaria. A dita mención concederáselle a un número de alumnos non superior ao 5% do total de alumnado matriculado en 2º curso.

No caso de que o número de alumnos/as que cumpra o requisito anterior sexa maior do 5% do total de alumnado de 2º de bacharelato, aplicaranse por

orde os seguintes criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado:

1º O alumnado coa maior nota media no segundo curso de bacharelato

2º O alumnado coa maior nota media no primeiro curso de bacharelato

3º O alumnado coa maior nota media na etapa do bacharelato

4º En caso de empate realizarase un sorteo público, previa convocatoria do alumnado afectado. Ao sorteo convocado pola Xefatura de Estudos, asistirá o alumnado que aspire a ter matrícula de honra, podendo asistir as persoas proxenitoras ou representantes legais dos mesmos. Estarán presentes os titores ou titoras de 2º bacharelato e o secretario do centro, quen levantará acta, que se xuntará á acta da sesión de avaliación.

A aplicación destes criterios farase nunha reunión a que asistirán os titores e titoras de cada grupo de 2º de bacharelato, o Xefe de Estudos e a Directora do centro.